

A VACINA DO BO TRATO

OBXECTIVOS

- Identificar a violencia como un problema social que podemos previr comprometéndonos a construír unha contorna de paz, bo trato e non violencia.
- Descubrir formas de solución pacífica aos problemas e conflitos do noso día a día e establecer pautas de convivencia que nos permitan previlos, utilizando a participación infantil como ferramenta para logralo.
- Comprometernos co dereito de toda a infancia a vivir en paz e protexidos de toda forma de violencia.

MATERIAIS NECESARIOS

- Cartilla de vacinación, manifesto e tiriñas. Poden descargarse e personalizarse en www.unicef.es/gal/educa/botrato
- Un prego grande de papel continuo ou de cartolina.
- Material para escribir e colorear.
- Imaxes, recortes e elementos que podamos identificar coas formas de violencia que nos preocupan.
- Pegamento de barra para crear o mural.
- Copias da ficha do Anexo para cada participante ou grupo.

MATERIAL DE APOIO

- "A salvo na escola. Aprendendo en contornas protectoras", guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre o dereito da infancia para estar libre de calquera forma de violencia, dispoñible en www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/a-salvo-na-escola-guia-do-curso

A violencia, como os virus, só produce vítimas: todos saímos perdendo cando estala. Ademais, igual que pasa coas epidemias, é mellor previr que curar. Este curso propoñémosvos unha mobilización escolar na que elaboraremos entre todos unha vacina de paz e bo trato coa que tentaremos protexer a toda a nosa contorna o 20 de novembro, Día da Infancia. Atención que esta é unha vacina moi especial: é unha vacina que non se toma, pénsase. Descúbrea!

Preparación da actividade

Esta actividade ten unha primeira parte na que reflexionaremos sobre a violencia que nos afecta mediante unha metáfora: o violentovirus. Isto permitiranos explorar analoxías que nos facilitarán dar un enfoque de prevención fronte á violencia á nosa actitude e conduta. Unha vez definidos os nosos problemas coa violencia na forma do violentovirus, elaboraremos os compoñentes (respecto, amizade, empatía, protección...) para acabar coa violencia na nosa contorna. Como resultado desta reflexión obteremos unha vacina á que poñeremos nome e acordaremos uns compromisos e peticións sobre a non violencia e o bo trato.

A segunda parte da actividade comeza coa descarga e impresión en PDF da cartilla de vacinación do grupo ("fabricación" da vacina), personalizada co nome do noso virus, a nosa vacina e os nosos compromisos e peticións. A cartilla inclúe un manifesto, para que todo o grupo o firme e as tiriñas que poñeremos a todas as persoas que vacinemos na nosa campaña de vacinación.

A campaña de vacinación pola paz e o bo trato pode realizarse o 20 de novembro, Día da Infancia.

Esta actividade pode adaptarse á idade do noso grupo: en Educación Infantil podemos facer fincapé naquelas habilidades e condutas que favorecen o coñecemento das emocións e o desenvolvemento social (saudar, pedir as cousas "por favor" e dar as grazas, consolar a outros...) mentres que a medida que avanzamos en Educación Primaria e Secundaria podemos introducir reflexións sobre o bullying, os estereotipos, a discriminación, o pensamento grupal ou a falta de empatía e propoñer solucións relacionadas coa mediación, a asertividade e a solución de conflitos.

Violentovirus:

Personaxe inventada pero inspirada na realidade. O seu aspecto é feo e monstruoso, xa que está formado polas nosas preocupacións, medos e frustracións. É un reflexo da violencia que nos rodea e que queremos solucionar.


Bo trato:

Para que exista bo trato non abonda con que non haxa malos tratos. O bo trato necesita que fagamos un esforzo activo por respectar a outras persoas, ser amables con elas e tentar apoialas cando o necesiten.

PASO 1

Dádelle forma ao voso violentovirus

Se queredes que o voso violentovirus se pareza aos demais virus, podedes elixir entre estas formas, aínda que tamén podedes deixar voar a vosa imaxinación para que o voso violentovirus reflecta do mellor modo posible as vosas preocupacións sobre a violencia na vosa contorna e no mundo.





PASO 2

Illade o virus

"Illade" o voso violentovirus nun mural, ocupando o centro. Este mural será a vosa placa de Petri para elaborar a vacina engadíndolle compoñentes. Ademais, aínda que os virus son microscópicos é importante que o voso sexa grande e temible.

Ten que verse ben no centro do mural. Para que a violencia quede ben reflectida no noso violentovirus, podemos acudir a elementos e accesorios que non son propios dos virus, pero que lle darán un aire máis aterrador. Utilizade recortes de revistas e imaxes ou palabras que vos axuden a darlle personalidade e forma: é importante coñecer ben a violencia para poder freala.





PASO 3

Poñédelle nome

Nin Ambrosio, nin Martiña, nin Xervasio: o nome ten que ser terrorífico. Cada persoa e cada grupo é máis vulnerable a un tipo de violentovirus. Hai xente que non consegue expresar a súa opinión? Quizais haxa unha epidemia de *Silenciator terribilis*. Hai grupos que se senten excluídos? Quizais sexa un brote de *Discrimina excluyentis*. As redes sociais convertéronse nun lugar desagradable? Pode ser un ataque de *Abusator digit*. Non é necesario que sigades a nomenclatura científica dos virus: o importante é que encontredes as palabras que mellor describan aquilo que queredes que desapareza.

PASO 4

Deseñade os compoñentes da vacina

Individualmente ou por grupos, imos preparando as fichas que describen os compoñentes necesarios para facer fronte ao voso violentovirus. Describimos en cada ficha o compoñente (por exemplo: "respecto", "amizade" ou "escoitar"), os seus principios activos, a posoloxía e recomendacións de uso. Pegade todas as fichas no mural, e rodeade o violentovirus para debilitalo.

PASO 5

Temos a vacina!

No mural xa está a vacina, lista para fabricarse e distribuírse. É o momento de poñerlle un nome e de que establezades entre todos 5 compromisos de non violencia para o grupo e 3 peticións aos responsables de protexer os dereitos da infancia (pode ser o enderezo do centro, o concello, os medios, o goberno ...).

PASO 6

O voso manifesto pola non-violencia e o bo trato

Descargade en www.unicef.es/gal/educa/botrato o voso manifesto personalizado cos compromisos e peticións que acordastes e asinádeo todos para darlle validez. Podedes colocar o manifesto nun lugar visible da aula para lembralo e cumprilo durante todo o curso. Tamén podedes presentarllo ás persoas ou institucións a quen lles fagades peticións, como forma de defender o dereito á protección fronte á violencia de toda a infancia.

Algunhas recomendacións

Se difundides a vosa campaña en redes sociais, usade o hashtag #EndViolence para que chegue ao maior número de xente posible.

- Facede fotos do voso mural, dos compoñentes da vacina, do manifesto e das tirriñas, para que todos poidan ver o ben que quedou a vosa campaña de vacinación e coñecer os vosos obxectivos.
- Se o día da vacinación facedes fotos da xente, asegurádevos de que vos dan permiso para tomarlles fotos.
- Organizade un equipo de reporteiros que fagan o seguimento da xornada e poidan escribir un post para o voso blog ou para www.unicef.es/educa/blog
- Se queredes convidar a medios locais ao evento, enviádelles antes unha convocatoria e unha nota de prensa.
- Nas vosas comunicacións, lembrede dar as grazas a quen vos axudara a realizar a campaña de vacinación.

Descobre máis ideas en www.unicef.es/gal/educa/blog/divulga-a-tua-actividade.

PASO 7

Iniciamos a campaña de vacinación!

O 20 de novembro, Día da Infancia, é un bo día para vacinar pola paz e o bo trato! Xunto co manifesto que vos descargaredes da web tedes as tirriñas personalizadas co nome da vosa vacina que poderedes decorar e repartir entre todas as persoas que vacinedes na vosa campaña.

Lembrade que esta non é unha vacina que se toma, senón que se pensa: o máis importante da campaña é explicar a quen a recibe, cal é o noso violentovirus e que fórmula de paz deseñamos para facelo desaparecer.

PASO 8

Que todo o mundo coñeza a vosa vacina

Comunicade a vosa vacina a toda a comunidade educativa: poderedes facer difusión na radio do centro, no voso blog e redes sociais ou publicalo en www.unicef.es/educa/blog. Mesmo poderedes contactar cos medios do voso municipio!



#endviolence

O MEU COMPOÑENTE PARA A VACINA DA PAZ

Nome do compoñente:

Fórmula/principios activos:

Indicacións:

Posoloxía (frecuencia e forma de uso):

Recomendacións:

Prescrito por:

Sinatura:

